

Conta Satélite do Deporte. Revisión estatística 2024

Datos correspondentes ao ano 2023

31/10/2025

Principais resultados

- No ano 2023, o valor engadido xerado polo sector do deporte medrou un 12 % con respecto ao ano anterior.
- A contribución do sector do deporte ao Produto interior bruto de Galicia sitúase no 0,9 %.
- En termos emprego, o sector é responsable directo de 17.248 postos de traballo, o que representa o 1,5 % do emprego da economía galega.

1. Introducción

A Conta Satélite do Deporte é unha actividade estatística de síntese destinada a medir a dimensión económica do sector do deporte en Galicia e a súa contribución á economía galega. Este proxecto xurdiu a iniciativa da Secretaría Xeral do Deporte (Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes), que solicitou ao IGE a cuantificación da dimensión económica do sector.

As contas satélite permiten afondar no coñecemento dun determinado aspecto da economía, ampliando a información do sistema de contas económicas. No eido do deporte, no que existe información dispersa tanto de tipo económica como doutro tipo, unha conta satélite axuda a sintetizar toda esta información.

A definición estatística do sector do deporte non está regulada en Europa, aínda que se toma como referencia a [Clasificación de Vilnius](#), baseada en estándares estatísticos. Porén, a viabilidade da estimación dos agregados económicos consonte a esta definición está constrinxida pola dispoñibilidade de fontes. Por este motivo, o sector do deporte definido na Conta Satélite do Deporte de Galicia utiliza esta clasificación restrinxíndoa aos [produtos e servizos característicos do deporte](#), é dicir, aqueles que non existirían de non ser por el.

Esta publicación ofrece resultados da conta de produción, explotación e emprego do sector do deporte correspondentes ao período 2021-2023, en coherencia co Sistema de Contas Económicas de Galicia ([Revisión estatística 2024](#)).

2. A contribución do sector do deporte á economía galega

No ano 2023, o valor engadido bruto xerado polo sector do deporte en Galicia ascendeu a 694.561 miles de euros, o que representa o 0,9 % do Produto Interior Bruto xerado na Comunidade autónoma en dito período. Con respecto a 2022, o valor xerado a prezos correntes polo sector medrou a unha taxa do 12 %.

Conta de produción e explotación do sector do deporte. Ano 2023

Unidade: Miles de euros; Porcentaxes sobre o total da economía

Operación	Dato	Peso na economía (%)
P.1 Producción a prezos básicos	1.225.545	0,8
P.2 Consumos intermedios	530.984	0,6
B.1 Valor engadido bruto	694.561	0,9
D.1 Remuneración de asalariados	555.774	1,6
D.11 Soldos e salarios	458.066	1,7
D.12 Cotizacións sociais	97.708	1,3
D.29-D.39 Outros impostos sobre a produción netos de subvencións	-9.208	-2,3
B.2 Excedente bruto de explotación / Renda mixta	147.995	0,4

Fonte: IGE. Conta Satélite do Deporte. ([Descarga da táboa](#)).

En termos de emprego, o sector é responsable directo de 17.248 postos de traballo, que representan o 1,5 % do total do emprego da economía galega. A meirande parte do emprego é asalariado, cuxa remuneración alcanzou os 555.774 miles de euros. Esta masa salarial representa o 1,6 % da Remuneración de asalariados total da economía galega.

Emprego no sector do deporte. Ano 2023

Unidade: Postos de traballo; Porcentaxes sobre o total da economía

Operación	Dato	Peso na economía (%)
Postos de traballo	17.248	1,5
Postos de traballo equivalentes a tempo completo	13.514	1,3

Fonte: IGE. Conta Satélite do Deporte. ([Descarga da táboa](#)).

3. Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Máis información:

- Contas de produción, explotación e emprego do sector do deporte